

# ciberLingua 2002 2003

entra conmigo

# ciberLingua 2002 2003



É un novidoso proxecto de dinamización do uso do galego que tenta chegar á comunidade educativa a través das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). *Ciberlingua* é froito da suma de esforzos e vontades dos concellos de Vigo, Pontevedra, Santiago, Lugo e Ferrol xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-Ensino) e galego21.org

Dende Ciberlingua preténdese desenvolver unha actuación que integre os membros da comunidade educativa (profesorado, pais/nais e alumnado) nun proxecto formativo coherente e continuo.

*Ciberlingua* tenta lograr dous ambiciosos obxectivos: Por unha banda levar a escola á sociedade da información e comunicación, introducindo nela as TIC a través de accións formativas dirixidas ao profesorado, ás/aos nais e pais e ao alumnado. Por outra banda preténdese lograr a normalización lingüística consolidando o galego como lingua habitual en todos os ámbitos comunicativos e tecnolóxicos.

Logo do éxito de participación e de difusión que tivo o ano pasado *Ciberlingua*, nesta nova andaina ampliáanse horizontes e propóñense máis actuacións :

Realizaranse Obradoiros de Internet para o profesorado en 2 niveis, nivel I e nivel II. Isto permitiranos adaptarnos aos coñecementos previos que ten o profesorado.

Continuaremos convocando os Obradoiros para nais e pais, para que estes se acheguen á rede desde unha óptica galega.

Introduciremos Obradoiros de materiais educativos multimedia dirixidos ao profesorado que queira aprender a elaborar ferramentas informáticas para a aprendizaxe.

Outra das novidades deste curso van ser os Obradoiros de CLIC pensados para o profesorado que queira traballar con este software informático nas súas aulas.

Para o alumnado desenvolveremos as Sesións de Ciberlingua nas que os rapaces e as rapazas de 1º ciclo da ESO, dentro dun ambiente lúdico, van utilizar recursos informáticos en galego. Para isto imos contar coa colaboración dalgúns cibers co fin de levar esta actividade a un lugar habitual para os máis novos.

Toda esta oferta formativa complétase coa edición de material: *Navegándomos* (guía de introducción a Internet), CD con software galego, Guía de recursos, etc.

Se estás interesado ou interesada en participar en Ciberlingua podes dirixirte a :

## Concello de Ferrol

Gabinete de Normalización Lingüística de Ferrol  
Casa do Concello de Ferrol  
Tfno.: 981 336 795 / 981 336 700 ext.: 179  
gnl@ferrol-concello.es

## Concello de Lugo

Concellaría de Cultura e Educación  
Casa do Concello de Lugo.  
Tfno.: 982 297 257

## Concello de Santiago

Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago  
Casa do Concello. Tfno.: 981 542 409  
dlg@aytocompostela.es

## Concello de Pontevedra

Departamento de Normalización Lingüística  
Chalé de Fontoira. Praza do Campo do boi, s/n  
Tfno.: 986 863 157  
normalizacionlinguistica@concello Pontevedra.es

## Concello de Vigo

Oficina de Normalización Lingüística  
Casa do Concello de Vigo  
Tfno.: 986 810 281  
ofi.normalizacion@vigo.org

## Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Rúa de Laracha 9, baixo. 15001 A Coruña  
Tfno.: 981 278 259  
informacion@as-pg.com

## Confederación Intersindical Galega-Ensino (CIG-Ensino)

Avda de Lugo 209 ench.  
Tfno.: 981 576 800 / 981 575 839  
cig-ensino-gz@cig-ensino.org

## galego21.org

<http://www.galego21.org>  
ciberlingua@galego21.org

## ciberlingua

<http://www.ciberlingua.org>

[www.ciberlingua.org](http://www.ciberlingua.org)



[galego21.org](http://www.galego21.org)